Sede as miñas testemuñas

Xesús vaise ao ceo pero déixanos a nós aquí, déixanos como testemuñas, somos os seus mensaxeiros. Non vos gardedes a Noticia na vosa casa, nin a encerredes en pobre xeografía, ignorade os mapas con gallardía para anunciar a todos "o que pasa".

Sede, como o fermento na masa, fermento de luz nova e de alegría, que faga dos homes a hospedería, que acolle a Palabra que é a brasa, que quenta a vida e renácea como Luz que desterra o egoísmo, e fainos familia que comprace o Amor do Pai en fértil Bautismo.

Ide ao mundo enteiro e gritade gozosos a Noticia que nos faI ditosos.

Pepe Paniagua

¿CRISTO SIN MANOS?



Al termino de la 2ª Guerra Mundial, en una iglesia destruida, se encontraron los restos de un crucifijo. Solo se habían conservado íntegros la cabeza y el cuerpo del Crucificado.

Alguien había clavado un papel en el tronco de la figura que decía:

Cristo no tiene manos, solo nuestras manos, para hacer hoy su trabajo.

Él no tiene pies, solo nuestros pies, para guiar a hombres y mujeres por su camino.

Cristo no tiene labios, solo nuestros labios, para hablar de Él a los demás.

Él no tiene ayuda, sólo nuestra ayuda, para agrupar a los hombres alrededor suyo.

Somos la única Biblia que el gran público aún lee hoy día.

Somos el mensaje de Dios en nuestros actos y palabras.

1-06-2025
Pascua -7º-C



JESÚS RESUCITADO NOS REGALA 7

ASCENSION



...el Cielo, la Gloria, la Misión

Pascua – Ascensión

Feitos dos Apóstolos 1, 1-11: *Vírono levantarse.*

No meu primeiro libro, querido Teófilo, escribín de todo o que Xesús foi facendo e ensinando ata o día en que deu instrucións aos apóstolos, que había escollido, movido polo Espírito Santo, e ascendeu ao ceo. Presentóuselles despois da súa paixón, dándolles numerosas probas de que estaba vivo, e, aparecéndoselles durante corenta días, faloulles do reino de Dios. Unha vez que comían xuntos, recomendoulles: - *«Non vos afastedes de Xerusalén; agardade que se cumpra a promesa do meu Pai, da que eu vos falei. Juan bautizou con auga, dentro de poucos días vós seredes bautizados con Espírito Santo.»* Eles rodeárono preguntándolle:

- *«Señor, é agora cando vas restaurar o reino de Israel?»* Xesús contestou: - *«Non vos toca a vós coñecer os tempos e as datas que o Pai estableceu coa súa autoridade. Cando o **Espírito Santo** descenda sobre vós, **recibiredes forza para ser as miñas testemuñas** en Xerusalén, en toda Xudea, en Samaria e ata os confíns do mundo.»*

Dito isto, **vírono levantarse**, ata que unha nube quitoullo da vista. Mentres miraban fixos ao ceo, véndoo irse, presentáronselles dous homes vestidos de branco, que lles dixeron: - *«Galileos, **que facedes aí plantados mirando ao ceo?** O mesmo Xesús que vos deixou para subir ao ceo volverá como lle vistes marcharse.».*

Salmo 46: Deus ascende entre aclamacións; o Señor, ao son de trompetas.

Efesios 1, 17-23 *Sentouno á súa dereita no ceo.*

Conclusión do santo evanxeo segundo san Lucas 24,46-53: ***Mentres os bendicía, ía subindo ol ceo.***

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: *-«Así estaba escrito: o Mesías padecerá, resucitará de entre os mortos ao terceiro día e no seu nome predicarase a conversión e o perdón dos pecados a todos os pobos, comezando por Xerusalén. **Vós sodes testemuñas disto**. Eu enviareivos o que o meu Pai ha prometido; vós quedade na cidade, ata que vos revistades da forza do alto. »*

Narrador: Despois sacounos cara a Betania e, levantando as mans, bendíxoos. E mentres os bendicía separouse deles, subindo cara ao ceo. Eles prostráronse ante el e volvéronse a Xerusalén con grande alegría; e estaban sempre no templo bendicindo a Deus.

(Narrador-Xesús)



¡Vosotros sois mis testigos!





XESÚS RESUCITADO REGÁLANOS

…o Ceo, a Gloria, a Misión

1. VER: Os regalos

- Continuamos celebrando os grandes REGALOS que Cristo Resucitado nos segue dando na Pascua. Recordamos os xa vistos nos domingos anteriores.

Cales son eses regalos? Cales os parecen máis importantes?

2. XULGAR: Os regalos do Resucitado

- **No** evanxeo de hoxe, día da Ascensión, Xesús "***sobe ao ceo***" e déixanos a nós unha misión: ***"Vós sodes testemuñas de isto".***

Ascensión de Cristo, película: https://youtu.be/LipPp8Jlp80

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús Resucitado regálanos o CEO:

*"**Xesús separouse deles, subindo cara ao ceo".** Xesús termina a súa misión aquí na terra. Agora recolle o premio ao seu traballo. Onde? No ceo. Que é o ceo? Non é un lugar azul con estrelas.

- Xesús Resucitado regálanos a GLORIA:

* O ceo é estar con Deus. Celebrar a Ascensión é celebrar a glorificación de Xesús, a felicidade plena con Deus no ceo. El conseguiuno dando a vida por nós. E asegúranos que se vivimos para os demais, se amamos, tamén a nós espéranos ese premio con Deus no ceo, cunha felicidade plena.

- Xesús Resucitado regálanos a MISIÓN:

* ***"Que facedes aí plantados mirando ao ceo?". "Vós sodes testemuñas de isto".*** Xesús non se vai do todo, segue connosco e pídenos que realicemos a misión de ser as súas testemuñas, testemuñas do seu amor. Para esa misión necesitamos a forza do Espírito Santo e da Igrexa.

Discípulos de Xesús, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/s0UYPoOKz98

Vives estes regalos do Resucitado? Que consecuencias traen?

3. ACTUAR: Sede as testemuñas de Xesús

- **Vive feliz** porque sabes que Xesús gañou para ti o ceo, o premio de vivir feliz con El para sempre no Ceo.
- Trata de ser **testemuña crible** de Xesús coa túa vida: dándote aos demais, axudando, sendo servizal, amando a Deus e sendo membro da súa Igrexa. Pero testemuñas alegres, con cheiro a Xesús, coa paixón de Xesús.
- Valora os sacramentos como medios a través dos cales recibo o Espírito de Dios para ser testemuña súa na normalidade da vida.

Quédome na promesa, Verbo Divino 2025, canción: https://youtu.be/nIfWnHa6J-k

Que podemos facer?